

ACTA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA 25/11/2025

Acta da Asemblea Extraordinaria, celebrada de xeito online o día vinte e cinco de novembro de 2025, dando comezo a mesma en segunda convocatoria ás 19:00 horas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
1. D ^a . Silvia Lobato Limeres	Asmubal Meaño
2. D ^a . Isabel Quiñoa Regueiro	Club AD. Carballal
3. D. Luis Miguel Rodríguez Fernández	Club Balonmán Arousa
4. D ^a . Montserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
5. D. Jesús López González	Club Bm. At. Guardés
6. D. Alberto González González	Club Bm. Cangas
7. D. Marcos Estévez García	Club Bm. Cañiza
8. D ^a . María González Lago	Club Bm. Chapela
9. D. Dario Otón Hermidas	Club Deportivo Bm. Culleredo
10. D ^a Berta González Casares	Club Balonmán Lalín
11. D. Alberto Mouriño Varela	Balonmán Línea 21
12. D. Victor Novoa Carrera	Club Bm. Miño
13. D ^a . María Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
14. D ^a . María Torrente Rodríguez	Club Balonmán Narón
15. D. Jose Francisco Armesto Pena	Club Bm. Reconquista de Vigo
16. D. Ezequiel Álvarez Castro	Club Bm. Ribadosar
17. D. Victor Manuel Dorado Rey	Club Balonmán Seis do Nadal
18. D. Agustín Martínez Barros	Club Bm. Tui
19. D ^a . Leticia Álvarez Campos	Club Bm. Xallas
20. D. Pablo Martínez López	Club Bm. Porriño
21. D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
22. D. Santiago Picallo Bua	Club Cisne Bm.
23. D. Ivan Reinaldo Vallejo	Club Deportivo Cultural Ribeiro
24. D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
25. D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
26. D. Andrés Senra Pregal	Asociación Deportiva Atlético Novás
27. D. Javier Domínguez Pérez	Club SD. Teucro
28. D ^a . Silvia Ramirez Carramal	Sanxenxo Balonmán
29. D. Aurelio Krook Moldes	Sociedad Atlética Redondela
30. D. Francisco Javier Abalde Caride	Club UB. Lavadores
31. D. Pablo Manuel Barreiro Suárez	Árbitro
32. D. Victor Manuel Rivera Diz	Árbitro
33. D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
34. D. Adrián Menduiña Gutierrez	Xogador

35. D ^a . Ana Alonso Fragua	Xogadora
36. D. Brais González Blanco	Xogador
37. D. David Iglesias Freire	Xogador

Bruno López da comezo á reunión ás 19:03 minutos agradecendo a asistencia de todos os estamentos que se atopan na mesma e explica que os motivos principais de que a xuntanza se realice de xeito online un martes de novembro son tres:

- A necesidade de cumprir coa normativa vixente e someter o orzamento a votación antes de que remate o ano.
- A ausencia de “datas boas” xa que o calendario deportivo e de eventos esta tempada está tan comprimido que non facía posible realizala en fin de semana.
- A necesidade de someter a criterio da Asemblea a financiación dun vehículo subvencionado pola Xunta de Galicia antes do 30 de novembro, data na que vence o prazo de xustificación.

O presidente comeza coa orde do día e co informe de situación, nel comenta:

Que a nivel estrutural a federación realizou a contratación de Laura Barros coma persoal de apoio para o desenvolvemento da Copa 5x5 do Balonmán na Rúa. Di que este ano a federación comprometeuse a realizar once probas, sete na provincia de A Coruña e catro na de Pontevedra, das que restan: Carnota, Noia e Santiago de Compostela. Bruno López explica que estas actividades se realizan co apoio das dúas deputacións e que se vai intentar finalizar antes de que acabe o ano, aínda que se prevé complicado. Comenta que a experiencia está a ser moi boa, cunha gran acollida nos municipios onde se leva a cabo e cunhas grandes expectativas a nivel de creación de escolas e aumento de licenzas.

Bruno López, comentou tamén que a nivel xunta directiva a federación sufriu a baixa recente de Elena Estévez, que tamén afectou aos corpos técnicos das seleccións galegas, xa que Elena estaba a desenvolver labores de seleccionadora infantil feminina; esta baixa xorde a raíz da necesidade persoal de Elena de realizar unha pausa, debido ao alto volume de actividade que arrastra a área técnica da federación e aos seus compromisos laborais. Bruno insiste en que a relación con Elena é boa e que a xunta directiva agradece enormemente a súa labor e desempeño ata o momento, tamén comenta que Rubén González asumirá a coordinación directiva da área feminina, ademais da masculina que xa viña realizando.

O presidente comenta tamén que un dos vicepresidentes da federación, Fernando Mosquera, sufriu recentemente un problema de saúde e que actualmente pide que se lle de un descanso no día a día, polo menos para que poida recuperarse ben. O presidente insiste en que Fernando asumiu moita responsabilidade e actividade dentro da área de servizos médicos nos últimos meses, e que nestes intres precisa baixar o ritmo, por iso solicita que a primeira chamada non sexa a el, se non ao teléfono fixo da federación, onde se tratarán de resolver todas as cuestións que se poidan xurdir.

No que respecta á previsión económica, Bruno López comenta que a federación está inmersa en moitas actividades e eventos que implican o adianto dunha cantidade importante de fondos e moitas delas dentro do mes de decembro, por este motivo cada vez se fai máis complicado controlar o fluxo de caixa, pero que a día de hoxe as previsións contables fan presaxiar un resultado do exercicio positivo, non cun gran importe xa que cre

que poderá andar entre os 2.000 e os 8.000€, xa que o investimento que se está a realizar na promoción e difusión do balonmán é importante, pero pensa que os números cumprirán cos obxectivos contables da federación, xa que non se pretende rematar o ano cuns beneficios altos, se non cun alto volume de actividade.

A nivel de actividade, o presidente indica que este ano a Copa 5x5, xunto coa programación das seleccións galegas, nas que houbo un importante aumento no volume de actividade, e a alta carga de traballo administrativo (xustificacións, solicitudes, realización de proxectos, etc...) fai que o persoal se atope ao límite de capacidade e que a situación por lo momentos sexa un pouco caótica, por este motivo é posible que se retrasen tarefas de auditoría e mellora dalgúns aspectos aos que actualmente a estrutura non chega. Bruno López pide desculpas por anticipado se nalgún momento a resposta ás inquedanzas dos estamentos do balonmán galego non van ao ritmo que lles gustaría, pero que se está a tratar de que isto non ocorra, pide paciencia e comprensión, xa que a actividade é demostrable e está a dar resultados positivos para o balonmán en Galicia.

No que respecta ás competicións, Bruno indica que todas as competicións están en marcha agás a prebenxamín (previsión para comezar en xaneiro), nas que o número de equipos inscritos non garante aínda un formato asumible para os clubs e as familias a nivel de desprazamentos. O presidente comenta que actualmente hai dous problemas dos que quere falar abertamente:

1. Hai un alto número de equipos que non compren co número mínimo de xogadores/as esixido na normativa; isto débese a un baleiro histórico importante no protocolo de inscrición de equipos, xa que a tramitación de licenzas é posterior á formalización do equipo na competición, algo que provocou a flexibilidade circunstancial da federación pero que en moitos casos foi desmedida e remata por desvirtuar as diferentes categorías. O presidente comenta que esta circunstancia está normalizada porque historicamente ven ocorrendo ano a ano, pero que é algo que hai que corrixir, xa que non axuda a ninguén e provoca un problema para o Comité Territorial de Competición. As opcións para solucionar esta circunstancia pasan por adaptar á realidade a esixencia mínima de xogadores/as por parte da asemblea, ou por facer cumprir sen excepcións a normativa. Actualmente a federación asume a súa parte importante de responsabilidade por amosar unha flexibilidade que ao final o único que provoca é que os clubs sexan menos esixentes cos requisitos normativos, por este motivo e porque non tería sentido sancionar aos clubs cando a federación o permitiu; na pasada xunta directiva acordouse co Comité Territorial de Competición que ata o final da tempada 25-26, non se actuase de oficio no que respecta a esta circunstancia, tendo claro que ten que ter unha solución urxente na próxima asemblea. Bruno López insistiu en que si hai unha denuncia por parte dalgún club, o Comité terá que resolver conforme á normativa vixente, por iso espera que si a federación non amosa un afán sancionador, todos clubs se amosen comprensivos coas circunstancias.
2. Os horarios dos encontros e os aprazamentos son outro dos problemas que está enriba da mesa, e no que a federación está a amosar unha flexibilidade que poderá provocar problemas, polo tanto o presidente informa de que a normativa se aplicará sen excepcións, se algún club non dispón de instalación ou ten que aprazar un encontro deberá argumentalo coa documentación precisa e aboar as taxas

correspondentes si é o caso, xa que a flexibilidade neste ámbito vai en detrimento da competición, da organización e dos propios clubs.

No que respecta á situación económica, Bruno López comenta que a federación está a amosarse colaboradora cos clubs a nivel de dar unha flexibilidade razoable nos pagamentos, xa que sabe que as subvencións están pendentes de entrar e que o final de ano é complicado, pero actualmente precisase que os clubs se poñan ao día, porque a federación ten pendente de cobro unha cantidade por enriba dos sesenta mil euros; neste ámbito a federación terá que pouco a pouco ir esixindo maior rigorosidade por parte dos clubs.

A nivel institucional Bruno López comenta que a Federación Galega de Balonmán é unha das principais impulsoras do novo proxecto da Unión de Federación Deportivas Galegas (en adiante UFEDEGA), promovendo a formación dos clubs e federacións en cuestións básicas para o bo funcionamento das diferentes entidades e creando un proxecto pioneiro na loita contra a violencia no deporte. Ademais, Bruno López comenta que un dos principais obxectivos de UFEDEGA é que as administracións públicas incrementen o investimento en deporte, e principalmente nos clubs, algo que confía en que mellore en pouco tempo.

En canto ás relacións coa Real Federación Española de Balonmano (en adiante RFEBM), a situación actual non é a mellor, Bruno López transmite que cre que nestes momentos as competicións están devaluadas e os clubs están realmente afogados economicamente, que se están tomando decisións que non velan polos intereses xerais do balonmán se non de certas comunidades que non deben marcar o ritmo dun deporte que se está vendo superado en número de practicante e en visibilidade, por modalidades que hai uns anos eran notablemente inferiores. Bruno comenta que tivo unha discusión en termos de discrepancias sobre esta xestión co presidente da RFEBM, feito que espera que provoque unha reflexión e que non afecte negativamente ao balonmán galego.

Bruno López aproveita para dicir que a Federación Galega de Balonmán ten intención de solicitar a organización do CESA 2027, 2028 e 2029 e o CESA de Balonmán Praia 2027; xa que espera poder realizar o mellor evento de balonmán dos últimos anos, cun plan estratéxico que supoña unha inxección deportiva e económica para os clubs galegos. Nos vindeiros meses se darán novas ao respecto.

Bruno López dá por finalizado o informe do presidente e invita aos/as asistentes a realizar as preguntas que consideren. Ninguén intervén, polo tanto o presidente segue coa orde do día e procede á votación do informe, saíndo aprobado por 37 votos a favor, cero en contra e cero abstencións.

Bruno López explica de xeito pormenorizado o orzamento do ano 2026 xa que todos/as os/as asistentes dispoñen da información por escrito (orzamento e explicación do mesmo), e solicita que se realicen as preguntas que os/as asembleístas consideren. Non hai preguntas e sométese a votación: "Aprobación se procede do orzamento 2026 da FGBm", saíndo o seguinte resultado:

- Votos a favor: 36
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 1

Polo tanto queda aprobado por trinta e seis votos a favor, e unha abstención o orzamento da FGBm para o ano 2026.

Bruno López da explicación da segunda proposta, aínda que os/as assembleístas recibiron toda a información por escrito con antelación. O presidente comenta que a federación resultou beneficiaria da subvención de equipamentos da Xunta de Galicia, xa que non tiña opción de solicitar a das deputacións, e ten concedidos dez mil euros para a compra dun vehículo. Bruno López comenta que a intención da federación é a de mercar un turismo, xa que actualmente se dispón de tres furgonetas e aínda que a primeira intención era a de adquirir un camión, o prezo e a dispoñibilidade eran máis altos. Baixo o asesoramento de Rodosa, un dos colaborados da federación, a intención é a de adquirir un Renault Austral, que será usado principalmente polo presidente, que leva anos asumindo un renting a nivel persoal para facer un uso federativo, ademais de polo persoal e directivos/as cando a actividade federativa así o requira; Bruno López, insiste en que o vehículo será propiedade da Federación Galega de Balonmán e o seu uso se limitará á actividade federativa. Para a adquisición do vehículo a federación ten previsto pagar os dez mil euros da subvención máis oito mil euros de fondos propios, e si a asemblea o ten a ben, poder financiar os dezanove mil cincocentos euros restantes cunha cota mensual de entre seiscentos e setecentos euros durante tres anos.

Bruno López, da pé ás preguntas e ninguén realiza ningunha.

Sométese a votación a segunda proposta “Aprobación se procede da financiación da compra dun vehículo que conta coa axuda da subvención de material da Xunta de Galicia”.

O resultado da votación é de:

- Votos a favor: 36
- Votos en contra: 0
- Astencións: 1

Polo tanto queda aprobada a proposta por trinta e seis votos a favor, e unha abstención.

No apartado de “Rogos e Preguntas” tan só hai intervencións simultáneas para desexar unhas boas festas e unha feliz saída de ano.

Deste xeito, ás 19:42 horas, o presidente da por pechada a Asemblea, en Vigo a 25 de novembro de 2025

Asdo:

O Presidente:



Don Bruno López Molina



A Secretaria Xeral:



Dona Carla Abad Alonso